

SALDOIRA

2017/18



Ponlle maxia ao teu futuro

Haikus contra a violencia de xénero

RESPECTAME
ENTON
MIMAME

TI QUERESH
FAM
FELIZ

25 novembro
Contra a violencia de xénero


NON SEREI A TUA ESCRAVA
NON ME BARRAREI NUN MIR DE BARRAS
EIN ESTAREI DA MINHA LIBERDADE PRIVADA



Con neta existen
45 millóns de mulleres
mulleres maltratadas



Calor e amor
e nunca máis
mulleres
fallecidas



Regalovelle
unha infidelidade
por cada rosa

TI QUERESH
ME
FAM
FELIZ

Se che betras é por
non teres a razón

INDICE

XUÑO 2018

- 4— Viaxe á mocidade
- 5— María Victoria Moreno, Letras Galegas 2018
- 6— Roma, a cidade eterna
- 7— As mulleres na filosofía: move o bloque
- 8— Residencia de maiores
- 9— Andorra 2018
- 10— Eu Bacharelato Artístico
- 11— Que a sorte vos acompañe!
- 12— Cómic
- 13-16— Alumnado do IES Martaguisela
- 17— Excursión de 4º ESO: Polas Illas Canarias
- 18— Veu visitarnos Eva María López Vidal
- 20— Picos de Europa e algo máis
- 21— Dublín, cidade global
- 22— Sabes que é o Comercio Xusto?
- 22— A Banca ética
- 24— Mensaxe do Día Mundial do Teatro 2018- As Américas
- 24— Non deixedes de ler
- 25— Adiviña....
- 26— Ata sempre compañeiros!
- Xubilacións 2017-18



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Ponlle maxia ao teu futuro, titulamos a nosa revista que, como cada fin de curso, vos achegamos como exercicio memorístico e de compilación da andaina polo ano escolar que percorremos xuntos, profesorado, alumnado e persoal non docente. E maxia é o que fixemos, neste caso non trucos ou xogos de mans, se non MAXIA, apunto literalmente do dicionario:

“ conxunto de coñecementos e prácticas coas que se pretende conseguir cousas extraordinarias con axuda de seres ou forzas extraordinarias”.

A mocidade sodes o futuro dun pobo, porque tomaredes as rendas do mesmo e para que acertedes co camiño correcto que leve a ese pobo ao crecemento e benestar en todos os seus ámbitos precisades armavos de principios e valores. Dos valores intelectuais, o coñecemento e a verdade, saben ben os profesores, seres extraordinarios, a estas alturas non dubidaredes de que houbo que ter unha paciencia fóra do común para soportar os vosos envites e conflitos adolescentes. Certo tamén que nós temos os nosos días malos, que só se poden deixar atrás confiando con fe cega, ás veces houbo que crer sen ver, en que a nosa práctica docente aportaravos aprendizaxes relevantes para a vosa formación e crecemento persoal. Pero hai outras forzas que facilitan e melloran a calidade de calquera tarefa e coas que debemos contar sempre, a responsabilidade, o respecto, a igualdade, a tolerancia, a educación, valores que teñen que cocifñarse na familia, para contribuír, man a man xunto cos docentes, ao voso desenvolvemento como individuos que constrúan relacións sociais baseadas na liberdade, o respecto e a xustiza. Cando isto sucede conseguimos cousas extraordinarias. Maxia.

Marta Cortés. Profesora de Música

COORDINADORA..... Marta Cortés
REVISIÓN ORTOGRÁFICA..... Luisa Rigueira
COLABORACIÓNS..... Manuel Agra, Celia Pazos, Iria Otero, Eduardo Ojea, Clara Vizcaya, Óscar Navas, Manuela Álvarez, Noelia Barreda, Kevin Bayo, Rubén Pardo, Xiana Pestaña, Paula Prada, Ana Benilde, Julia Barrio, Marina Fernández, Miriam Alves, Christian Alexandre Rodríguez, Miriam Alves, Marta Rodríguez, David Rodríguez, Juan Mauricio Cuéllar, Amparo Laura Rodríguez, Vilma Duarte, Noemí Núñez, Valentina Escoval, Irene Martínez, Susana Silva.
DESEÑO DE PORTADA..... David Rodríguez

Letras Galegas 2018

María Victoria Moreno como exemplo

Manuel Agra. Profesor de lingua e Literatura galega



A Real Academia Galega decidiu que a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas deste ano sexa María Victoria Moreno Márquez.

De pai toledano e nai malagueña, naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres) no ano 1939. Con 24 anos chegou a Galicia, a Pontevedra, concretamente, e desde un primeiro momento asumiu a cidadanía en galego e neste idioma enriqueceu as nosas letras, sobre todo no campo da Literatura Infantil e Xuvenil, onde foi unha das primeiras voces. É admirable este compromiso co galego, coa literatura e coa nosa cultura. Ela deixou escrito: **“a miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor”**. Esta “historia de amor” levouna a dicir que **“a situación do galego non se pode ver con indiferenza. Se estou coa xente que amasa o meu pan e mais colle no mar os peixes da**

miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa lingua.”

María Victoria Moreno foi profesora de Lingua e Literatura Castelá por distintos institutos de Galicia, pero onde pasou máis tempo foi nos da cidade de Pontevedra, ata que se xubilou no 2002. O amor que sentía pola profesión de mestra, polos seus alumnos e alumnas é recordado por todos. Ela quería unha escola diferente, en contacto coa natureza, cunha relación de respecto e agarimo co alumnado.

Como posuía unha ampla cultura literaria, ademais de libros de literatura infantil e xuvenil, escribiu ensaios, poesía, fixo traducións, colaborou na elaboración de libros de texto de lingua e literatura galega, ademais de dar cursos de galego nunha época onde non había onde estudalo.

Dentro do apartado da literatura infantil e xuvenil podemos citar tres libros, de máis da ducia que escribiu. Un, por ser o primeiro e iniciar o camiño, **Mar adiante** (1973). **Leonardo e os fontaneiros** (1986) por ser o seu preferido. **Anagnórise** (1988) por ser o que máis éxito tivo. En


todos eles hai unha serie de trazos comúns: a reivindicación dunha escola distinta -lonxe dos castigos-, unha enorme sensibilidade coa natureza e cos animais, preocupación pola igualdade entre homes e mulleres e atención aos sentimentos e problemas dos rapaces e rapazas aos que ían destinados os seus libros.

Postumamente, saíu publicado **Elxías da luz** (2006). É un libro de poesía. Ela tamén se sentía fascinada por este xénero. Transmitía moita paixón recitando poemas de corrido.

Cando tiña 58 anos, en 1997, detectáronlle un cancro de mama. Sobre as súas experiencias coa enfermidade deixou escrito un ensaio, **Diario da luz e a sombra**, considerada unha peza literaria de gran beleza e sinceridade.

María Victoria Moreno Márquez morreu en Pontevedra no ano 2005. Tiña só 66 anos, pero atrás quedaba unha intensa vida dedicada á literatura, ao ensino e á cultura galega. Ela deixou escrito: **“Gustaríame dicir que deixo un ronsel de amor, un bo exemplo e un libro que descubra algo a quen o lea.”**

Pode estar tranquila, que así foi.



Alumnado de 1º ESO confeccionou, xunto coa súa profesora de Lingua Galega, Verónica Rúa, uns carteis informativos sobre a vida e obra de María Victoria Moreno que se expuxeron nos corredores do centro.

María Victoria Moreno, Letras Galegas 2018

Viaxe á mocidade

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA

Como todos os anos os centros educativos do Barco de Valdeorras, este ano tamén de Monforte de Lemos, xuntamos esforzos para organizar actividades co gallo da Semana das Letras Galegas e tamén, unha vez máis, contamos coa axuda da AEVA (Asociación de Empresarios Valdeorreses) para conseguir así a maior difusión das nosas iniciativas.

A proposta deste ano tivo dúas vertentes:

A) Para toda a cidadanía: quixemos conseguir a participación de toda a vila organizando un itinerario literario a modo de xincana que implique aos establecementos comerciais. Os nenos e as nenas dos colexios e institutos participantes elaboraron, **en lenzos**, unha caricatura da escritora seguindo a estética do pop art. Algunhas das características desta corrente vangardista, como por exemplo as cores brillantes, intensas, vivas e fluorescentes pareceríannos axeitadas para vincularlas co perfil literario e vital da escritora, como mestra, achegada e agradecida sempre á mocidade á que comprendía, como pioneira e creadora de mundos novidosos, *Anagnórise* é unha das primeiras obras da literatura xuvenil en galego, e como guía

dunha viaxe á que convidou con liberdade a incontables mozas e mozos.

A cada lenzo acompañou o título dunha obra de escritoras galegas e entre eles tamén os títulos de María Victoria Moreno.

A xincana consistiu en percorrer as tendas cuxos escaparates están decorados cos lenzos portadores de títulos das obras de escritoras galegas, selar o oco co selo da tenda e riscar o cadro do SI ou do NON en función de se o título se corresponde ou non cunha obra de María Victoria Moreno.

B) Para o alumnado dos centros de ensino : a profesora de plástica, Celia Pazos, coordinou ao seu alumnado de 1º curso de Bacharelato e 1º curso ESO para a confección dos lenzos dos escaparates, e dos que decoraron, nun tendal xigante, o Paseo do Malecón. O obxectivo foi decorar con lenzos das cores xa descritas e que levasen breves datos da biografía da autora facendo así visible para toda a cidadanía a vitalidade do galego! O paseo do Malecón lucía fermoso cos cadros a toda cor!



Roma, a cidade eterna

Noelia Barreda, Kevin Bayo, Rubén Pardo, Xiana Pestaña, Paula Prada . 2º BACH



Esta foi a nosa última e máis desexada excursión neste instituto xa que era unha gran oportunidade para gozar todos xuntos antes de emprender camiños diferentes.

Marchamos a Roma, para moitos foi a primeira vez que saían do país e para outros tantos a primeira vez en montar en avión polo que todos estabamos algo nerviosos.

Chegamos alí á 1 do mediodía, o autobús esqueceuse de nós pero 45 minutos máis tarde xa estabamos camiño do hotel a piques de coñecer a metrópole romana. Pola tarde, xa despois de comer unha boa comida típica do país, comezamos a nosa andaina (sen fin) deambulando polas rúas entre prazas, fontes, mercados, igrexas, embaixadas e unha

morea de xente de todas as nacionalidades.

Un dos lugares que máis nos impresionou foi a Fontana Di Trevi, tan grande e bonita como nos imaxinabamos, aínda que case había máis xente que auga. Despois continuamos o noso camiño percorrendo as rúas ata chegar a diferentes prazas como: Piazza Di Spagna, Piazza del Popolo e Piazza Navona. Unha hora e media máis tarde chegamos ao hotel cos pés máis mallados pero pouco nos importou sabendo que a noite ninguén nola ía arrebatat.

Á mañá seguinte resucitamos. Atopamos o noso gran salvador: o metro! Fomos ao Colosseo, tan grande como espectacular. A choiva non nos deu tregua nin para visitar o Forum romano e o Palatino. A con-

tinuación, tivemos media tarde libre para prepararnos e poñer rumbo ao Trastévere, do que finalmente marchamos a toda présa e coas barrigas cheas, pois perdiamos o último metro.

Ao seguinte día tocábanos visitar o Vaticano onde había máis cola que espazo, polo que marchamos quedando só co recordo da fachada, da Piazza San Pietro e do gran diluvio que levamos connosco. A pesar do mal tempo soubemos aproveitar o noso último día e pasámolo moi ben.

Por último queremos facer mención aos profesores que nos acompañaron: Carmen, Fernando e Alyse, que se preocuparon moito por nós e ensináronnos todo o que estaba nas súas mans contribuíndo a que a excursión fose *amazing!!!*

As mulleres na filosofía: move o bloque

Iria Otero . Profesora de Filosofía

“Por que estudamos só filósofos? non houbo nin hai filósofas?” pregúntase o alumnado e é de agradecer. A pregunta alerta da invisibilidade que sufriron as mulleres na historia. Invisibilidade que queda reflectida no esquecemento do tema nos currículos educativos. Toque de atención, parada para a reflexión.

Na historia do noso pensamento predominou a idea de que a muller era inferior. Esta inferioridade viña xustificada por causas naturais, por esa ‘esencia’ da muller, esencia sempre definida por homes. A muller aparecía como un macho defectuoso, con menor capacidade racional, como a orixe do pecado, como débil, apaixonada e dependente da protección masculina. Aínda que houbo excepcións, este foi o concepto xeral do feminino sostido por filósofos como Aristóteles, San Tomé de Aquino, Rousseau ou Nietzsche.

Con todo, en tódalas etapas da historia da filosofía houbo mulleres pensadoras que desbordaron o espazo doméstico ao que a sociedade as reducía. Por exemplo,

na Filosofía Antiga, destaca a neoplatónica Hipatia. A “filósofa”, como lle chamaban, foi unha prestixiosa astrónoma no período helenístico, punto de referencia para a comunidade grega de Alexandria e mestra con moitos seguidores. Por eles coñecemos o seu pensamento pois as tres obras que ela escribiu non se conservan. Hipatia foi brutalmente lapidada por un grupo de fanáticos cristiáns. Molestaba unha muller sabia, libre e pagá que cuestionaba o dogmatismo. Como ela, moitas mulleres foron tachadas de bruxas, ridiculizadas, infravaloradas e silenciadas ao longo da historia por afastarse da súa condición imposta de muller.

Como é de supoñer moitas das pensadoras destacadas articularon os seus discursos en resposta á misoxinia dominante. O tema era urxente, precisábase dignificar á muller. O feminismo, como movemento social, filosófico e político, é fillo da Ilustración e nace coa obra de Mary Wollstonecraft Vindicación dos dereitos da muller. Nesta obra desen-

mascárase o sometemento ancestral das mulleres e, anticipando o que hoxe coñecemos como sexo e xénero, pon en evidencia que é a educación e non a natureza o que nos fai diferentes. Grazas a este movemento, a toma de conciencia e o cambio social a muller foise incorporando de forma normalizada a tódolos ámbitos que lle foran negados.

“Non se nace muller, chégase a selo”, dixo Simone de Beauvoir, recalando a negación desa esencia feminina que sempre nos limitou. E nese camiño aínda queda moitos pasos por andar; como sanear os pousos amargos do concepto de muller de tantos séculos e facer visible as grandes pensadoras da historia. Iso foi o que intentamos facer neste proxecto, rescatando do esquecemento as filósofas Hipatia, Cristina de Pizan, Olympe de Gouges, Mary Wollstonecraft, Simone de Beauvoir, Lou Andreas- Salomé, Simone Weil, Hannah Arendt, María Zambrano, Adela Cortina e Judith Butler. Agora toca mover o bloque e reconstruír a historia con elas.



A profesora Iria Otero, xunto co seu alumnado de 4º curso ESO realizaron este traballo que estivo exposto na entrada do centro

Residencia de maiores

Ana Benilde Rosa. 2º Bach

“A vellez comeza cando o recordo é máis forte que a esperanza” –Proverbio Hindú



Este ano a nosa profesora de Psicoloxía, Iria Otero, propúxonos visitar a residencia de maiores “Nuestra Señora de Fátima” para que entendésemos mellor que é a memoria episódica, que é aquela na que almacenamos acontecementos importantes, aquela que conforma a nosa biografía. O día 20 de febreiro visitamos este lugar e alí atendeunos Leticia que é a traballadora social do centro. Ela axúdalles a fortalecer a súa memoria a través de diferentes actividades como tests, xogos con fotos ou síntese de películas que ven todos xuntos.

Para comezar a entrevista decidimos preguntarlles sobre á escola e os xoguetes que tiñan, comentáronnos que a gran maioría non tiñan ido a escola e que xogaban con paus ou coa propia terra. Posteriormente preguntámoslles sobre as festas ás que asistían e dixéronnos que ían bailar pasodobres ou o que tocase a orquestra. Así, puidemos comparar que mentres eles non saían pola noite ata que eran maiores de idade nós podemos facelo dende a nosa adolescencia.

Cando xa ía máis avanzada a entrevista atrevémonos a preguntarlles sobre os lugares ós que tiñan emigrado e sorprendeunos xa que tiñan marchado a distintas lugares de España como Barcelona, países europeos como Francia e Alemaña e incluso máis alá do Atlántico coma Venezuela. Flora, que era unha moiciña cando emigrou a Venezuela, contounos como foi vivir lonxe do seu mozo e como se comunicaban mediante cartas. Tamén salientou o feito de que levaba con Julián 70 anos e que non

fora nada fácil estar afastada del. Pola contra Blas, que é “solteiro por elección” coma el di, marchou traballar a Salamanca de chapista mais regresou por culpa dos olores que desprendían as pinturas. Contounos que cando volveu tivo que loitar na guerra e que o pasou mal.

Nesa mesma liña sobre lembranzas desta época, unha muller de Betanzos comentounos que había xente que entraba polos seu negocio e levaba todo o que quería sen pagar e incluso algunha vez golpearan ao seu irmán para quitarlle a carteira e todo o que levaba enriba. Para esquecernos diso, decidimos preguntarlles sobre os seus cantantes favoritos que distan moito do que nós escoitamos actualmente. Eles oían a Juanita Reina, Antonio Molina, Manolo Escobar, El Fary; Lola Flores que alguén nos comentara que a vira en persoa e “era moi fea ao natural” comentario que nos sorprende pola súa naturalidade. Finalmente, pedímoslles algún consello é o que nos recomendou Flora foi “ levádevos ben e sede fortes ante os obstáculos que vos poña a vida”. Nese momento, Flora cantounos unha emotiva canción que dedicaba sempre ao seu esposo Julián, sentado ao seu carón. Con este momento tan fermoso concluímos o noso encontro, no que comprobamos como as lembranzas máis íntimas son as que perduran co paso do tempo. Encantaríanos repetir esta experiencia tanto polo bo ambiente como pola maneira na que nos trataron.

Andorra 2018

Julia Barrio, Marina Fernández. 2º de ESO

A excursión comezou o día 17 de marzo pola noite. Saímos ás 22:30 do Barco e chegamos á mañá do 18 ás 13:00 a Andorra la Vella. Durante o camiño, estivemos discutindo cos nosos compañeiros de bus que eran de Ourense. Fixemos varias paradas durante a noite e cando chegamos fomos ao hotel a deixar as maletas, despois deixáronnos tempo libre e fomos comer ao McDonald's.

Pola tarde tivemos máis tempo libre ata a hora da cea. Despois de cear, podiamos saír ou quedar xogando no hotel. Nós decidimos quedar.

O primeiro día de esquí foi moi divertido. Ía moito frío pero tamén moito sol. Polas mañás tiñamos dúas horas de curso para mellorar ou aprender esquí ou snowboard. Despois, desde ás 12 ata a 13:30 tiñamos tempo libre nas pistas. Iamos en grupos para baixar as pistas de

distintos niveis. Despois de comer, desde ás 14:30 ata as 16:15 tiñamos outra vez tempo libre.

Todos os días tiñamos o mesmo horario na pista. Polas tardes tiñamos tempo libre para comprar (Andorra ten moitos centros comerciais e tendas). Nós íamos en grupo coa xente da nosa habitación. Pola noite, depende, o mércores fomos á discoteca e o xoves fomos a Caldea.

O mércores pola mañá non puidemos subir ás pistas xa que ía moito vento no sector Tarter (un dos 5 sectores de Grandvalira). A estación tivo 2 de 5 sectores pechados todos os días polo vento, e ese día tocoulle ao noso, o día que pecharon 4/5 sectores. Como non podíamos subir á estación leváronnos a patinar sobre xeo e regaláronnos unha comida no McDonald's.

O xoves pola noite fomos a Caldea. Un

balneario que tiña spa e tamén era un hotel de 5 estrelas. Nós entramos nas saunas pero principalmente estivemos na piscina interior e na descuberta. Estas dúas piscinas estaban conectadas e na descuberta podías ver o ceo ou tumbarte nos chorros.

O venres foi o noso último día. Pola mañá estivemos na estación e pola tarde saímos. Pola noite, ás 21:30, subimos ao autobús para esperar aos outros rapaces de Ourense. Estaban en diferente hotel e eles foron a Caldea ese día, polo que chegaron moi tarde ao bus. Iniciamos a saída ao Barco ás 11 da noite e chegamos ás 11 da mañá tras longas discusións cos nosos compañeiros de bus. Foi unha viaxe moi especial e inesquecible. Pasámolo moi ben e volveriamos a repetir mil veces esta excursión repleta de momentos graciosos e felices.



Eu Bacharelato Artístico

Celia Pazos, profesora de Plástica. Christian Alejandro Rodríguez, Mirian Alves, Marta Rodríguez, David Rodríguez. 1º BACH



David espera puntual. Hoxe toca Fundamentos da arte, unha das materias troncais xerais para cursar o bacharelato artístico. O ano pasado cursaba a rama de Ciencias Sociais pero non tiña claro que facer cando rematase e non se sentía motivado.

Chegan Christian, Mirian e por último Marta. Os catro compoñen o grupo que inicia a andadura do Bacharelato artístico no Martaguisela.

Ata este ano, non existían no entorno centros que impartisen esta modalidade polo que o alumnado interesado en estudar este bacharelato tiña que desprazarse a Ourense ou Ponferrada. Son poucos os centros que a ofertan, xa que son poucos os alumnos que as escollen debido as falsas crenzas en canto as saídas profesionais, posto que se pensa que é bastante específico. Que pensades sobre iso?

MIRIAN: Non é tan específico, temos 11 materias e 6 son comúns: Lingua, Lingua castelá, Filosofía,... as demais son a esco-

ller, só 3 son propias deste bacharelato: Fundamentos da arte, Cultura audiovisual e Debuxo artístico. As dúas últimas son optativas, e foi unha cousa que me sorprende, principalmente debuxo, porque podes cursar o bacharelato de artes sen dar ningunha hora de debuxo, algo que me parece ilóxico.

DAVID: A min tamén me sorprende bastante e si que é verdade que se pensa que este bacharelato non ten saídas pero realmente podemos acceder ás mesmas carreiras que aqueles que estudan Humanidades ou Ciencias Sociais. **A percepción e a información sobre o bacharelato de arte non sempre é a adecuada e favorable, moitas veces veñen presións de moitas fronteiras para non facelo: os propios pais, o entorno, o "efecto chamada" do grupo de amigos que se inclina por outras modalidades de bacharelato máis habituais. Que opina o voso entorno sobre a vosa decisión de cursar este bacharelato?**

MARTA: No meu caso ía estudar fotografía porque é a miña paixón pero chamáronme para dicirme que se ía implan-

tar este bacharelato e decanteime por el. Nunca se sabe, pode abrireme outras vías. Os meus pais non puxeron pega, apoiáronme en todo momento.

MIRIAN: Eu tamén tiven apoio dos meus pais dende o principio alegando que é o meu futuro e son eu a que debo elixir pero si é verdade que hai un membro da miña familia ao que non lle agrada a idea porque cre que a arte non me axudará a sacar un traballo de proveito no futuro.

CHRISTIAN: Eu sempre tiven claro que quería facer este bacharelato, nunca notei presións de ninguén. Xa intentara matricularme o ano pasado neste centro pero non se levou a cabo porque non chegábase á cota.

DAVID: Aos meus pais nun principio non lles fixo moita graza porque dicían que non tiña saídas viables pero a medida que foi pasando o curso e lles ía dicindo como era e o que me gustaría facer despois, cambiaron de opinión. Agora xa lles gusta a idea de que estude algo relacionado con este bacharelato. Entre os meus amigos hai algúns cursando 2º de Bacharelato que me teñen un certa

“envexa” san porque lles tivese gustado facer esta modalidade.

E unha vez rematedes, que é o que tedes pensado facer?

MIRIAN: Eu sempre quixen facer calquera cousa que tivera que ver coa arte. Se non se implantase este bacharelato no Barco optaría polo de Humanidades pero tiña claro que ía facer Belas Artes, aínda que agora teño outras posibilidades en mente coma Ilustración ou Deseño gráfico.

DAVID: Pois eu non sabía que facer antes de chegar a este bacharelato pero agora teño un par de opcións que se me abriron: Deseño Gráfico ou Comunicación Audiovisual.

CHRISTIAN: No meu caso quero facer Imaxe e son, sempre o tiven claro.

MARTA: Eu aínda non o sei. Sigo coa idea da fotografía pero teño dúbidas.

Unhas das cousas que se din é que os estudantes de artes teñen que convivir co sambenito de que optaron pola vía fácil de Bacharelato. Que pensades diso?

CHRISTIAN: Non é fácil, temos que estudar coma o resto. Está claro que é un bacharelato “pouco valorado”.

MIRIAN: Si, é verdade, temos que estudar como os demais. Ás veces leva bastante máis tempo preparar un traballo que preparar un exame.

MARTA: Hai mala fama e isto leva a que algún pense en matricularse para o ano porque o ve accesible, non porque teña vocación ou un claro interese.

DAVID: Se son sincero, a min a arte nunca me chamou a atención, pero por descoñecemento. Vía pinturas ou esculturas e simplemente estaban aí, sen máis, non me interesaba. Collín esta opción porque as materias parecéronme interesantes, ou digamos diferentes, e recoñezo que agora entroume o verme por coñecer máis, por saber de artistas, as súas obras, coñecer técnicas.

Para rematar, recomendaríades esta modalidade de bacharelato a aqueles que teñen dúbidas en cursalo?

MIRIAN: Eu si. Ás veces penso que somos como formigas obreiras unha tras

doutra, seguindo o mesmo camiño, sen pensar a razón de porqué o segues como o resto, sen cuestionalo, porque simplemente é o que sempre che dixeron que debes facer. Penso que non debe ser así, deberías facer o que che gusta e seguir o camiño que realmente queres.

MARTA: Creo que deben facelo se realmente lles gusta, non deixarse levar pola opinión doutros, eses que opinan que a arte é algo inútil, cando en realidade o que se aprende: a sintetizar, a ser creativo, pódese aplicar e é moi interesante para outras facetas como o mundo empresarial ou o día a día.

DAVID: Eu tamén o recomendaría, ademais de que as materias están ben e son completas, aínda que penso que tería que haber unha ou dúas máis propias da modalidade deste bacharelato.

CHRISTIAN: Eu tamén lles poño pegas á cantidade de materias propias da especialidade, tres non son suficientes pero aínda así tamén o recomendaría.

Que a sorte vos acompañe!

Claustro de profesores e profesoras

Foron estas datas as derradeiras xornadas de clase para o alumnado de 2º de Bacharelato.




Remata aquí o esforzo e dedicación duns anos cos seus contratempos, dificultades e como non, boas lembranzas.

A partir de agora toca andar por outros camiños, empezar

empresa nova, comezar o que agardamos sexa unha etapa abondosa en entrega e traballo que os éxitos virán, logo, de seu.

Parabéns aos graduados e non fai falta dicir que os que aquí quedamos sentímonos felices coa vosa felicidade.













Excursión de 4º ESO: Polas Illas Canarias

Juan Mauricio Cuéllar, Amparo Laura Rodríguez 4º ESO

Martes, 13 de marzo de 2018- mércores 14 de marzo

Todos moi cansos de tantos exames e de tantos esforzos desexabamos con loucura que chegasen as dúas da mañá para coller o bus ata o aeroporto de Santiago. Alí colleríamos o avión que nos levaría a Tenerife. Ninguén durmiu no bus. A algúns os nervios matábannos e outros ían na súa salsa. O momento de montar no avión foi increíble para algúns xa que era a súa primeira vez. Tamén levamos un bo susto xa que houbo temporal e había alerta laranxa! Despois de dúas horas e trinta minutos aterraramos xa por fin en Tenerife. Recollemos as maletas e fomos ao hotel. Máis tarde collemos un tren que nos levaría ata o Loro Park. Gozamos moitísimo dos animais e dunha ducia de espectáculos! Ceamos e a durmir. Todos andabamos moi cansos.

Xoves 15 de marzo

O mal tempo non nos permitiu coñecer o Teide. Pero tiñamos plan B. Os profesores leváronnos a coñecer Goichico e a Candelaria, fixemos moitas fotos e todos comemos xeados!

Venres 16 de marzo

Despois de xantar collemos a “guagua” (como lle chaman alí ao bus) no hotel e fomos ao Siam Park. Foi para algún de nós increíble, outros morrían de medo. Pero a todos nos producía adrenalina e moita diversión. De volta ao hotel coñecemos a uns rapaces e rapazas de Tarifa. Fixemos amizade con eles e foron moi agradables!

Sábado 17 de marzo

Pola mañá fomos a La Laguna onde compramos moitas cousas no centro comercial. Pola tarde, despois de comer fomos un pouco á praia, o sol quentaba pero a auga estaba fresca, fresca... aínda así houbo valentes que se bañaban.

Domingo 18 de marzo

Chegou o día que ninguén desexaba, o domingo... Fomos ao lago Martiane, onde a auga estaba moi fresca porque eran lagos de auga salgada. Fomos comer e ao rematar fomos recoller as nosas maletas. Agora si que tiñamos que dicir adeus á nosa Tenerife querida!

Collemos o voo ás oito da tarde, esta vez a viaxe foi máis relaxada. Chegamos ao Porto, alí recolleríanos un bus que nos traería á casa. Chegamos moi cansos arredor das cinco da mañá. Todos os esforzos nos estudos, as noites sen durmir e tantos exames, tiveron a súa recompensa! Só nos queda por dicir que o pasamos xenial, xa fose xogando ás cartas con Alfredo, rindo con Maite ou na piscina do hotel. Iso si algunha que outra rifa tamén nos caeu. E é que nós xamais esqueceremos a cara de Alfredo cando se tirou con nós no escorregadoiro!!!

Grazas por aguantarnos e gozar coma nós! Foi unha viaxe única e inesquecible!



Gústanos saber de vós

Veú visitarnos Eva María López Vidal

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA



Durante este curso o alumnado de 1º de Bacharelato tivo a oportunidade de falar con Eva María López Vidal, ex alumna do noso centro, quen atendeu amablemente todas a preguntas que lle formularon. Eva é Licenciada en Química e realizou estudos posdoutorais nunha universidade de Reino Unido.

Transcribimos aquí a entrevista, e aproveitamos para darlle as grazas pola colaboración, foi un pracer Eva! Sempre, sempre nos gusta saber de vós!

Para comezar, gustaríanos saber que carreira estudaches e cal foi a túa traxectoria ata chegar ao teu traballo actual. Estudei Química na Universidade da Coruña. Despois fixen un máster e a tese doutoral na mesma universidade. Ao rematar a tese realicei estudos pos doutorais na Universidade de Bath (Reino Unido).

Que relación teñen os teus estudos coas actividades que desenvolviches posteriormente?

Os coñecementos de química que adquirín durante a carreira e o máster foron moi útiles para a realización da tese doutoral e para o posdoutorado. Debido a que realicei a miña tese doutoral no campo da química orgánica/supramolecular, os coñecementos en química orgánica foron especialmente importantes para o desenvolvemento do meu labor científico.

Como chegaches a colaborar co premio Nobel de Química James Fraser Stoddart e que repercusión tivo na túa formación esta colaboración?

Grazas a unha beca predoutoral do Goberno de España tiven a oportunidade de realizar unha estancia de investigación nun centro internacional de prestixio. Tiña claro que o laboratorio de J. F. Stoddart era onde eu quería facer investigación, de modo que me puxen en contacto con el para explicarlle o que tiña feito durante a miña tese ata ese momento e o meu interese na realización dun proxecto no seu grupo. Despois duns días recibín un e-mail de aceptación pola súa banda.

A realización de investigación no grupo de J. F. Stoddart tivo unha repercusión moi grande na miña formación xa que puider aprender directamente del e dun grupo enorme de xente altamente cualificada e talentosa mediante o establecemento de discusións científicas ademais de compartir ideas e opinións con eles.

No equipo de xente que formabades ¿había paridade entre homes e mulleres? No mundo da investigación ¿a muller recibe o mesmo trato que o home ou hai desigualdade?

Eu tiven a sorte de estar en catro grupos de investigación diferentes. Nalgúns deles eramos case todas mulleres, noutros había máis homes que mulleres. Considero que a presenza de homes e mulleres é bastante aleatoria. Eu sempre vin o mesmo trato cara aos homes e cara ás mulleres. Porén, coñezo xente que se queixa de que o labor investigador vólvese máis duro cara as mulleres cando intentan ter familia xa que a ausencia da muller durante uns meses no labor investigador pode traducirse ás veces nunha diminución da produción científica, de modo que se pode ver penalizado indirectamente co tempo cando se piden por exemplo proxectos de investigación.

Podes contarnos con detalle en que consistía o teu traballo e que aplicación práctica ten para a nosa vida

A miña tese doutoral encádrase dentro do campo da química supramolecular, a cal estuda as interaccións non covalentes entre diferentes entidades moleculares, que son as que gobernan os sistemas biolóxicos. O estudo destas interaccións permítenos entender mellor como funcionan os sistemas bio-

lógicos e a construción de sistemas sintéticos miméticos dos naturais. Estas estruturas supramoleculares teñen aplicación en medicina, en tecnoloxía de materiais, na construción de sensores moleculares, catalizadores supramoleculares, etc.

Cantas horas lle dedicabas a esta tarefa? Parecíanche suficientes?

En investigación as xornadas laborais son longas; porén, os horarios son bastante flexibles. Por moitas horas que lle dediques a miúdo tense a sensación de que se necesita moito máis tempo para cerrar ou publicar unha investigación xa que case sempre hai máis experimentos que se poderían facer.

Como era un día típico de traballo como investigadora?

Normalmente non hai día típico. Ás veces traballas no laboratorio facendo experimentos, outras veces estás na oficina analizando resultados, lendo artigos ou preparando informes ou presentacións. Outras veces tes que viaxar para ir a conferencias, congresos, etc.

Contabas con todos os recursos necesarios para desenvolver plenamente o teu traballo?

Penso que é moi difícil contar con todos os recursos necesarios para desenvolver unha investigación. Moitas veces non se teñen todas as máquinas, equipos ou reactivos necesarios, porén, creo que se debe facer o máximo usando os recursos que están dispoñibles e establecer colaboracións con outros centros ou grupos de investigación que contan cos recursos que un non ten.

Cres que se está a investir o suficiente en investigación en España? Aprecias diferenzas neste sentido con outros países?

Penso que non se está investindo o suficiente en investigación en España. Europa está por detrás de EEUU, China, Corea e Xapón, e dentro de Europa, estamos por detrás de Alemaña, Reino Unido, Francia e Italia. A pesar da recuperación económica que España está vivindo, a proporción do PIB dedicado a I+D retrocede.



Cres que un país debería ser pioneiro en investigación e desenvolvemento?

A investigación e desenvolvemento son dous factores clave que fan que un país creza e evolucione. A xeración de coñecemento novo ás veces tradúcese en patentes, creación de novos materiais, novos medicamentos, ou nova tecnoloxía, o cal pode repercutir na mellora da calidade de vida das persoas, mellora da economía dun país, xeración de postos de traballo, etc.

Cal é a túa perspectiva laboral a curto-medio prazo?

Gústame a investigación e traballar en proxectos novos e de gran impacto polo que non descarto traballar no mundo académico ou na industria.

Xa para rematar, que consellos lle darías aos estudantes universitarios que estean pensando dedicarse á investigación?

O máis importante é que se quen se dedican á investigación que sexa porque lles gusta de verdade. É un traballo que require moitas horas e normalmente os resultados non son os que un espera ou desexa. Necesítase dunha gran dose de forza de vontade, resiliencia e capacidade de adaptación a cambios.





Picos de Europa e algo máis

Eduardo Ojea. Xefe de Estudos

Unha das propostas que desde o Martaguisela se lles fai aos alumnos/as de 1º Bacharelato é a dunha clase práctica de contacto coa Natureza, para pór de manifesto a súa beleza e a necesidade do seu mantemento, respecto e protección.

O lugar escollido polo Departamento de Ciencias está en Asturias, en rutas englobadas nos Picos de Europa, nas que se traballan Natureza e Educación Física como materia complementaria.

Esta é a crónica da viaxe:

- Xoves 12 de Abril ás 8:30 saía o autobús camiño de Cangas de Onís, nel ían alumnos/as de 1º Bacharelato A e B, acompañados por Óscar e mais eu. Fomos pola zona de Villablino, no Bierzo leonés, e logo de percorrer un longo camiño bordeando o río Sil nos seus inicios, pasamos pola bisbarra de Babia, impresionante a súa paisaxe, mestura de chan e de montaña, aínda con moita neve.

- Sobre as 13 horas estabamos no Hotel de Cangas, no que estivemos moi ben. Deixamos as maletas e baixamos a comer, os máis carrozas fomos ao típico: fabada asturiana e arroz con leite, os demais hamburguesas, bocadillos, e incluso comida de prato.

- Ás 4:30, e con un tempo que non o criamos, saímos cara Os lagos de Covadonga. A estrada con curvas non impediu que chegáramos a tempo, agás o que tivemos que parar a esperar a que o rabaño de cabras tivese a ben deixarnos pasar. Logo da xestión feita por Óscar con elas, movéronse e puídemos subir ata o

alto a máis de 1000 m de altitude. Deixamos o autobús e todos, o chofer tamén, comezamos a facer a primeira das rutas programadas, a dos Lagos. Partimos do lago Enol (por certo, lugar de finalización dunha das etapas de montaña máis duras da Volta a España). A luz do día fixo que as fotos saíran dun colorido digno dunha postal. Deste lago pasamos ao de Ercina e bordeando chegamos a ver un que é moi raro de ver con auga, e este ano está precioso. Case dúas horas de andar sen parar, subindo e baixando penas (segundo Óscar, de dificultade baixa, eu non estou de acordo, pero coas patas de todo é máis fácil).

- Sobre as 19:00 collemos outra vez o autobús e baixamos, mais como o día era tan fermoso decidimos parar no Santuario de Covadonga. Fixemos un percorrido por el e volvemos para Cangas. Ducha e cea, para despois ir todos xuntos ata unha sidrería.

- Venres, 13.- Día forte. Mañá chuviosa, nada que ver co día anterior. Era o día da Ruta do río Cares. Saímos ás 9 camiño de Poncebos, a paisaxe entre altas montañas e con néboas daba unha sensación estraña. Ás 10 puxémonos en marcha camiño de Caín (León), os tres primeiros Km foron de subidas (Óscar dixo que eran duros, imaxinádeo) Aquí xa se fixeron grupos. Óscar ía coa metade e eu como é lóxico co resto, este grupo era o que mostraba algunha dificultade. A paisaxe é espectacular cuns barrancos que metían medo, os 10 km restantes eran

máis doados pero comezou a chover con forza.

- Ás 2:30 o grupo dos eivados (que xa os había) volvémonos a pór en ruta. Unha alumna empezou a mostrar signos de esgotamento e de dor muscular, había que axudala. Os oito do grupo dando unha mostra de solidariedade, compañeirismo e de empatía coa dor allea, púxose á miña disposición. A alumna soportou unha dor que se manifestaba no ricto encollido da súa faciana. Cando o camiño ía cara arriba algún dos compañeiros cargaba con ela uns metros, logo outro e así ata tres carrexadores que facían quenadas. Cada pouco tempo faciamos paradas de descanso para que se repuxesen todos/as. Logo de catro horas de percorrido chegamos ao autobús, pingando ata as pestanas, cansos pero contentos de ter feito 30 Km naquelas condicións.
- Saímos cara o Barco e ás 24 horas chegamos á casa esgotados, uns máis que outros.

Como inicié o relato era unha clase práctica de Natureza, pero converteuse para algúns de nós nunha clase de Valores que ás veces semella non ter esta xeración actual, pero xestos así fan que teñamos confianza e esperanza nos nosos alumnos/as, porque a solidariedade, compañeirismo empatía, respecto e esforzo non lle son descoñecidas.

Grazas Adrián, Cristian, Zeltia, Sara polo teu sufrimento, non foi en balde, e sobre todo a Raúl, Javier e Daniel polo voso esforzo solidario que nunca esqueceréi.

Dublín, cidade global

Valentina Escoval, Irene Martínez, Noemí Núñez. 1º Bach


O 19 de xaneiro o noso curso, 1º de bacharelato, xunto ás profesoras de inglés Natalia e Milagros, comezamos a nosa viaxe a Irlanda. Alí pasaríamos tres días coñecendo a fermosa cidade de Dublín, visitando os seus lugares máis emblemáticos e practicando o noso inglés. Iniciamos a nosa visita, con paraugas en man, coñecendo a famosa fábrica de cervexa Guinness e a Catedral de San Patricio na que xustamente ese día estaban gravando un programa de televisión, tamén vimos o Castelo de Dublín onde visitamos cada unha das súas salas quedando impresio-

nados coa súa decoración e magnitude. O segundo día fomos ao Trinity College onde atopamos un dos sitios máis fermosos e impresionantes da nosa viaxe, a biblioteca que se encontraba dentro da universidade, a biblioteca recollía as obras máis importantes de filósofos e escritores representativos da historia xunto os seus bustos. Por último, o 22 collemos o avión ata O Porto, con moita pena pero cunha increíble experiencia que contar ós nosos amigos e familiares.



Sabes que é o Comercio Xusto?

Noemí Núñez Nogueira 1º Bacharelato



O traballo que nos tocou realizar en Economía na segunda avaliación foi sobre o "Comercio Xusto", un tema moi atractivo e pouco coñecido para a gran importancia que ten.

Cando nós imos comprar fixámonos en diversas cousas dos produtos, pero o que de verdade miramos é o seu prezo, sen importarnos o proceso que seguiu ese produto, é dicir, as condicións laborais dos empregados, se fan dano ao medio ambiente... e todos estes factores son imprescindibles xa que podemos estar financiando a unha gran marca que ten como propósito obter grandes beneficios sen importar o trato aos seus empregados ou ao medio ambiente.

O Comercio Xusto ocúpase entre outras cousas de que os traballadores obtengan a cantidade adecuada

polo seu traballo, sen explotación e sen a participación de menores ou tamén que respecten o medio ambiente usando uns envases adecuados.

Os produtos máis destacados do Comercio Xusto son os de alimentación, aínda que tamén hai de cosmética, artesanía e incluso roupa. Todos estes produtos podémolos identificar por que teñen o selo 'Fair Trade'. Podémolos mercar a través da Internet, en tendas de Comercio Xusto e noutros establecementos comerciais que hai na nosa localidade. O que aprendín facendo este traballo é que é mellor pagar un pouco máis e que os traballadores e o medio ambiente sexan respectados que aforrar uns céntimos que prexudicarán aos traballadores, ao medio e farán máis ricas as grandes multinacionais.

A Banca ética

Vilma Duarte , 2º Bach



Cando na clase de Economía da Empresa Clara, a profesora, nos mandou facer un traballo sobre formas alternativas de financiamento eu elixín a banca ética porque me chamou a atención a combinación desas dúas palabras xuntas.

A partir disto descubrín que existen bancos " máis humanos ". Aínda que banca e ética non parecen compatibles, estes tipos de bancos teñen unha clara responsabilidade coa sociedade, de maneira que contribúen ao seu desenvolvemento, sen necesidade de recorrer á especulación.

Denomínanse Banca Ética aquelas entidades que ofrecen produtos financeiros que pretenden ter unha utilidade social, máis alá do beneficio económico. Buscan un impacto social positivo a través da súa actividade: desenvolvemento de comercio xusto, colaboración con ONG, agri-

cultura ecolóxica, etc.

Os principios da banca ética son os seguintes

1-Os aforradores deben sempre saber o destino do seu diñeiro, o que se está a usar e como.

2-Está investido en proxectos que teñen unha utilidade social.

3-O obxectivo non é lucrarse co diñeiro senón obter un beneficio social.

4-O investimento debe realizarse en proxectos que teñan unha viabilidade.

Triodos Bank, é unha entidade financeira europea que inviste o seu capital en iniciativas e actuacións sociais, culturais a favor do mantemento da natureza e do medio. Se estás interesado en visitar a banca, sen ir máis lonxe, na cidade da Coruña teñen instalada Triodos Bank, apto para todos os cidadáns.

Breves



Día da Paz: Para conmemorar esta data alumnado e profesorado fixeron a súa aportación nun mural de papel continuo polos corredores do centro.



Novo espazo de lectura: Un patio interior do centro foi deseñado por alumnado de 2º ESO e profesorado de Paisaxes e Valores éticos. Ana Real, profesora de Xeografía e Historia e Oscar Navas, profesor de Educación Física, dirixiron este proxecto de xardinería. Finalmente habilitouse como espazo de lectura e lecer.



Visítáronnos: O escritor Héctor Cajaraville, que lle falou a alumnos e alumnas de 3º ESO e 1º Bacharelato, dos seus libros *A caixa dos rancores* e *Once portas*. O escritor Marcos Calveiro participou nunha charla sobre o seu libro *Días azules, sol de la infancia* con alumnado de 2º e 3º ESO.



Outra vez gañadores! Xa nos estamos a acostumar a gañar no concurso das Xornadas Micolóxicas que se organizan no Bierzo. A profesora de Bioloxía Belén Vázquez coordina a actividade co seu alumnado de 2º e 3º da ESO. Parabéns!



Día do libro



Día do Libro: Alumnado de 2º ESO, xunto co seu profesor de Lingua Castelá, Fancisco Jardón, estiveron a elaborar uns marcapáxinas, alumnos e alumnas de 3º e 4º da ESO recomendaron en forma de mural diferentes lecturas e alumnado de 1º Bach fixeron ilustracións sobre seres mitolóxicos, coordinados pola profesora de Lingua Castelá, Manuela Álvarez. Todos estes traballos expuxéronse na entrada do centro.



Xadrez: Os gañadores do torneo de xadrez, supervisado polo profesor de Tecnoloxía Luis Rodríguez, foron: en primeiro lugar, Ismael Abarca (4º ESO), en 2º lugar, Alejandro Silva (2º ESO) e en terceiro e cuarto posto, Ekaitz Real (1º ESO) e Roberto Prada (1º ESO)



Sofía Álvarez Fernández de 2º ESO, que se presentou, xunto con 461 alumnos e alumnas de toda Galicia á Fase de Zona Olimpíada Galega 2018, celebrada en Ourense o pasado 26 de abril, conseguiu pasar á Fase Final Olimpíada 2018 xunto con 53 alumnos máis de toda Galicia. Hai que destacar que, dos 53 alumnos presentados na provincia de Ourense, só conseguiron pasar a fase final, 5 alumnos e unicamente Sofia, en toda Valdeorras.



Sen pestanexar! Así estaban os alumnos e alumnas escoitando a Marcos Rodríguez, o neno lobo, que tivo a amabilidade de relatarnos a súa sorprendente infancia adoptado por unha manada de lobos. Toda unha lección de vida e de superación!

Mensaxe do Día Mundial do Teatro

2018- As Américas

Sabina Berman, México, Escritora, xornalista



Podemos imaxinar A tribo caza paxaros lanzando pequenas pedras, cando o enorme mamut irrompe e ROXE –e ao mesmo tempo un pequeno humano ROXE como o mamut. Logo, todos corren... Ese ruxido de mamut proferido por unha muller humana –quero imaxinala muller-- é o inicio do que nos fai a especie que somos. A especie capaz de imitar o que non somos. A especie capaz de representar ao Outro. Saltemos 10 anos, ou 100,

ou mil. A tribo aprendeu a imitar a outros seres e representa ao fondo da cova, na luz trememente da fogueira, a cacería desa mañá. Catro homes son o mamut, tres mulleres son o río, homes e mulleres son paxaros, árbores, nubes. Así, a tribo captura o pasado co seu don para o teatro. Máis asombroso: así a tribo inventa posibles futuros: ensaia posibles formas de vencer ao inimigo da tribo, o mamut. Os ruxidos, os asubíos, os murmurios –as onomatopeas dese primeiro teatro— volveranse linguaxe verbal. A linguaxe falada volverase linguaxe escrita. Por outro camiño, o teatro volverase ritual e logo cinema. E na semente de cada unha destas formas seguirá estando o teatro. A forma máis sinxela de

representar. A forma viva de representar. O teatro, que mentres máis sinxelo máis intimamente nos conecta á capacidade humana máis asombrosa, a de representar ao Outro.

Hoxe celebramos en todos os teatros do mundo esa gloriosa capacidade humana de facer teatro. De representar, e así capturar o noso pasado para entendelo --ou de inventar posibles futuros para a tribo, para ser máis libres e máis felices. Falo por suposto das obras de teatro que realmente importan e transcenden o entretemento. Esas obras de teatro que importan, hoxe propóñense o mesmo que as máis antigas: vencer aos inimigos contemporáneos da felicidade da tribo, grazas á capacidade de representar. Cales son os mamuts a vencer hoxe no teatro da tribo? Eu digo que o mamut maior é o alleamento dos corazóns humanos. A nosa perda da capacidade de sentir cos Outros: de sentir compaixón. E a nosa incapacidade de sentir co Outro non humano: a Natureza. Vaia paradoxo. Hoxe, na beira final do Humanismo –da era do Antropoceno—da era en que o humano é a forza natural que máis cambiou e cambia o planeta-- a misión do teatro é inversa á que reuniu á tribo orixinalmente para facer teatro ao fondo da cova: hoxe debemos rescatar a nosa conexión co natural. Máis que a literatura, máis que o cinema, o teatro –quae existe a presenza duns seres humanos ante outros seres humanos-- é marabillosamente apto para a tarefa de salvarnos, de volvernos algoritmos. Puras abstraccións. Quitémoslle ao teatro todo o superfluo. Temos que espilo. Porque mentres máis sinxelo o teatro, máis apto para lembrarnos o único innegable: **somos mentres somos no tempo, somos mentres somos carne e ósos e un corazón latexando nos nosos peitos. Somos aquí e agora soamente. Viva o teatro. A arte máis antiga. A arte máis presente. A arte máis asombrosa. Viva o teatro**

O grupo de teatro do IES Martaguisela (este curso coa participación de alumnado de 1º, 2º, 3º,4º ESO e 2º de Bacharelato máis tres profesores do centro) representou a súa obra "Romeo e Xulieta...ou non" para toda a cidadanía barquense no Teatro Lauro Olmo. Parabéns!

Non deixedes de ler

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O verán é moi longo, buscade momento para a lectura, de seguro que se fará máis intenso e emocionante. Aquí deixamos unha escolma das recomendacións que vos fan os vosos profesores e profesoras.

Autor	Libro
Reverte, Javier	<i>El corazón de Ulises</i>
Follett, Ken	<i>Los pilares de la tierra</i>
Miranda, Xosé	<i>Morning Star</i>
Navarro, Julia	<i>La sangre de los inocentes</i>
Isaacs, Jorge	<i>María</i>
Kundera, Milan	<i>La inmortalidad</i>
Lee, Harper	<i>Matar a un ruiseñor</i>
Dawkins, Richard	<i>El gen egoísta</i>

Chimamanda Ngozi Adichie	<i>O hibisco púrpura</i>
Posteguillo, Santiago	<i>La legión perdida</i>
John Allen Paulos	<i>El hombre anumérico</i>
Moreno, María Victoria	<i>Anagnórise</i>
Kerouac, Jack	<i>En el camino</i>
Suskind, Patrick	<i>El perfume</i>
Orwell, George	1884
Risco, Vicente	<i>Deus sentado nun sillón azul</i>
Núñez Singala, Manuel	<i>O achado do castro</i>
Calveiro, Marcos	<i>O xardineiro dos ingleses</i>
Villar, Domingo	<i>Ollos de auga</i>
Rivas, Manuel	<i>As voces baixas</i>

Adiviña...

Todas estas tenras criaturas son profesores e profesoras que vos dan clase a diario. Seríades capaces de adiviñar quen é quen? Achegádevos á secretaría coas respostas nun papel co voso nome e apelidos e participaredes, os gañadores, nun sorteo de material escolar.



Ata sempre compañeiros!

Xubilacións 2017-18

Que estas liñas sirvan como a homenaxe que a **comunidade educativa** deste centro quere render aos compañeiros e compañeiras que compartiron con nós anos de docencia e experiencias que serán lembranzas daqueles tempos nos que despertaban as gañas de aprender e coñecer.

Desexamos que este merecido descanso profesional, a colleita dunha longa sementeira, sexa fecundo en novos proxectos que enchan de luz eses días. O primeiro paso é comezar con alegría, esa mesma que sempre vos brindaremos os que aquí quedamos!



Rosalía Roel

Profesora de Lingua e Literatura Galega

Ana Briz
Profesora de Inglés

Paco Cobo

Profesor de Xeografía e Historia

Manuel Agra

Profesor de Lingua e Literatura Galega

O curso deu para moito..

Traballos e lectura



Biblioteca



Música e baile



NADAL

Samain

Entroido





Excursións

ROMEO & JULIETA ...ou non
Grupo de teatro IES Marragolseña

Mércores 2 maio
Teatro Isiro Olmo
20:30 h



Teatro



Deportes



Debuxo



...agora toca descansar
Ata o vindeiro curso!

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Crazas á ANPA pola súa colaboración.